

RESOLUCION..... DA DIVISION DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS POLA QUE SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE RECOÑECIMENTO DO GRAO I DO DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO PERSOAL ESTATUTARIO DAS CATEGORÍAS DE LICENCIADOS SANITARIOS DO SERGAS.

De conformidade co réxime extraordinario de recoñecemento do desenvolvemento profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do sergas previo á implantación do futuro réxime de desenvolvemento profesional a que se refire a lei 44/2003 do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias acordado na mesa sectorial de Sanidade con data de abril de 2005 pola Consellería de Sanidade e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE; CCOO, CSI-CSIF e UXT

En uso das súas atribucións esta división

RESOLVE

Primeiro.- Obxecto

Abrir o prazo para a presentación de solicitudes e da documentación acreditativa dos requisitos para o acceso ao grao I do réxime extraordinario de carreira profesional do persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Sergas.

Segundo.- Ambito de aplicación.

Poderá solicitar a participación neste proceso o persoal estatutario das categorías de licenciados sanitarios do Sergas cuido réxime retributivo é o establecido no R.D. lei 3/87 e normas de posterior desenvolvemento, que ostente nomeamento en propiedade nas Institucións Sanitarias do Sergas en ditas categorías, obtido con anterioridade o proceso extraordinario de consolidación de emprego regulado pola Lei 16/2001 de 30 de novembro convocadas polas Ordes de 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40 de 25 de

febrero) e do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, 3 de xuño).

Terceiro.- Requisitos

A presentación da solicitude é voluntaria e a instancia do interesado que deberá cubrir o modelo recollido no Anexo I e acreditar os requisitos seguintes dentro do prazo de presentación de solicitudes:

a) Acreditar ter prestados a lo menos 5 anos de servizos na mesma categoría ou especialidade no réxime estatutario, mediante a certificación de servizos prestados emitido polo Centro correspondente. A estes efectos computaranse os servizos previos a resolución de integración no réxime estatutario prestados baixo outro réxime xurídico.

b) Acreditar mediante a certificación anterior estar en situación de activo ou asimilada, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco.

c) Acreditar ter participado, nos cinco exercicios inmediatamente anteriores á data da solicitude, nos obxectivos asistenciais, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable da institución do Sergas na que estivese prestando servizos , e acreditar o seu cumprimento nun 70% en cada un dos cinco exercicios ou nun 75% de promedio nos ditos exercicios, sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuarta. Dita acreditación realizarase mediante certificación do director xerente do centro de que se trate de conformidade coa avaliación efectuada por este concepto.

d) Acreditar mediante a presentación da copia compulsada do nomeamento en propiedade na categoría de licenciado sanitario a data de obtención da condición de persoal estatutario fixo.

Cuarta.- Excepcións en situacións especiais

Quedan exceptuados da acreditación do requisito ao que se refire o apartado c) da disposición terceira os períodos de tempo nos que o persoal permanecese nalguna das seguintes situacións:

- a) Situación de excedencia forzosa a que se refiren os artigos 11.1 e 11.3 e 13 do derogado Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.
- b) Situación de excedencia especial en activo, a que se refire o artigo 13 do derogado Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social, aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro.
- c) Situación de servizos especiais a que se refire o artigo 64 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- d) Os períodos de disfrute de permisos sindicais.
- e) Excedencia por coidado de familiares.
- f) Licencia por maternidade, incapacidade temporal e comisión de servizos.

Cando por razóns da organización do traballo establecida, un profesional non puidese acreditar a súa participación nos programas de obxectivos do complemento de produtividade variable, quedará exonerado d requisito a que se refire o parágrafo c) da disposición cuarta. Porén, o xerente do centro emitirá certificación acreditativa deste extremo así como informe detallado da súa participación nos obxectivos asistenciais, de conformidade coas instrucións da División de Recursos Humanos.

Sexta.- Prazo de presentación de solicitudes

O profesional deberá presentar a solicitude e a documentación acreditativa no seu centro de traballo no 20 días a contar dende o día seguinte a publicación desta Resolución